

Caducidade de subvencións outorgadas durante o ano 2019 a FUNDACION DE AMIGOS DE GALICIA E CAZADORES DE RIBERAS DO TAMBRE por xustificación fora do prazo habilitado e recoñecemento de obriga de subvencións concedidas a AVPC e IES OROSO por presentar a xustificación dentro do prazo habilitado pero por problemas técnicos no Rexistro do Concello non foi posible verificar no exercicio 2019.

ANUNCIO

O 26.03.2020 o Alcalde ditou Resolución nº 374/2020 que literalmente dí:

Logo de ver as seguintes xustificacións de subvención presentadas polas seguintes entidades cidadáns ó abeiro das bases que rexen a convocatoria pública de concesión de subveións para entidades cidadáns (BOP nº 132, do 15/07/2019.) dentro do prazo habilitado pero debido a problemas técnicos na sede electrónica do Concello de Oroso non foi posible verificar no dito prazo:

AREA EDUCACION	PARTIDA	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE XUSTIFICADO
IES DE OROSO	324.489.01	3.000,00 €	5.249,65 €

ÁREA PROTECCIÓN CIVIL	PARTIDA	IMPORTE CONCEDIDO	IMPORTE XUSTIFICADO
AVPC DE OROSO	134.489.05	32.0000 €	31.741,17 €

E de ver que por Resolución de Alcaldía nº 1291/2019 do 10/10/2019 concedeuselle á AVPC de Oroso un anticipo por importe de 11.500 euros.

E de ver que a FUNDACIÓN DE AMIGOS DE GALICIA non presentou toda a documentación sinalada nas ditas bases reguladoras no prazo habilitado, concretamente non presentou a xustificación da conta polo importe da subvención concedida, axustado ao modelo anexo II das bases, nin presentou o certificado do secretario da entidade co visto e prace do presidente no que se indiquen as subvencións concedidas á Asociación de calquer outro ente público ou privado para as actividades subvencionadas.

E de ver que a Asociación de Cazadores do Tambre non presentou a xustificación dos fondos outorgados mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 29/11/2019 no prazo establecido nas Bases Reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades cidadáns 2019.

E de ver a proposta de alcaldía do 25.03.2020.

E de ver o informe favorable de Intervención do 25.03.2020

De conformidade co establecido na *base novena das Bases Reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades cidadáns 2019 e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no uso das atribucións que me confire o artigo 185 e 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*, con esta data RESOLVO:

Primeiro.- Declarar a caducidade da subvención concedida á Asociación de Cazadores Riberas do Tambre mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/11/2019 por

importe de 2.000 euros ao abeiro das Bases Reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades cidadáns 2019 e ordenar o arquivo do expediente.

Segundo.- Declarar a caducidade da subvención nominativa concedida a Fundación de Amigos de Galicia por importe de 4.000 euros e ordenar o arquivo do expediente-

Terceiro.- Recoñecer as obrigas derivadas das subvencións xustificadas polos seguintes importes con cargo ás seguintes partidas do vixente orzamento municipal:

AREA EDUCACION	PARTIDA	IMPORTE
IES DE OROSO	324.489.01	3.000 €

ÁREA PROTECCIÓN CIVIL	PARTIDA	IMPORTE
AVPC DE OROSO	134.489.05	20.241,17 €

Cuarto .- Ordenar o pagamento das seguintes subvencións:

AREA EDUCACION	PARTIDA	IMPORTE
IES DE OROSO	324.489.01	3.000 €

ÁREA PROTECCIÓN CIVIL	PARTIDA	IMPORTE
AVPC DE OROSO	134.489.05	20.241,17 €

Quinto Publicar este Acordo no Taboleiro de Anuncios do concello .

RECURSOS

Este acordo pon fin á vía administrativa.

Contra el pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da dita Lei 39/2015).

Tamén poderá impugnar este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

De conformidade co previsto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto – Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o cómputo do prazo para interpoñer recursos en vía administrativa, ou para instar calquera outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje que os substitúa, dacordo co previsto nas leis, en calquera procedemento do que poidan derivarse efectos desfavorables ou de gravame para o interesado, computarase desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que tivera transcorrido desde a notificación da actuación administrativa obxecto do recurso ou impugnación con anterioridade á declaración do estado de alarma. O anterior enténdese sen prexuízo da eficacia e executividade do acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación.

Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na mesma sinatura

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira